



AXENDA DE NADAL

- Continúa o IV Campamento de Nadal da Asociación Cultural San Campio. Polas mañás na Casa da Cultura de San Miguel ata o 5 de xaneiro.
- Continúa o Ludonadal. Polas mañás na ludoteca municipal ata o 5 de xaneiro.
- Proxección infantil de Nadal coa Asociación Senunpeso. O 3 de xaneiro na biblioteca municipal de Vedra ás 17:00 h.
- Tarde de “manualidades de Nadal e entrega de premios do III Concurso de Tarxetas de Nadal do Concello de Vedra”. O 4 de xaneiro no centro sociocultural de Vedra ás 18:00 h.
- Cabalgata dos Reis Magos da Asociación Raiolo. O 5 de xaneiro en San Xián.
- Concerto de Reis da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla. O 7 de xaneiro na Casa da Cultura de Santa Cruz ás 18:00 h.
- III Carreira Nocturna Solidaria. O 13 de xaneiro na contorna do pavillón dende as 18:30 h.



Lola Valle Ledesma (8 anos)
Gañadora do III Concurso de Tarxetas de Nadal

XANEIRO

L	M	MC	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

AXENDA PARA O MES DE XANEIRO

- O 31 de xaneiro ás 20:15 h. no Centro Sociocultural de Vedra: charla informativa sobre o monte sen concentrar.
- Durante o mes de xaneiro saíran publicadas no BOP da Coruña as Bases da Convocatoria de Subvencións para o desenvolvemento de actividades realizadas por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal de Vedra.

AXENDA NAS INICIATIVAS ASOCIATIVAS

- O 10 de xaneiro remata o prazo para participar no VIII Concurso de Carteis para anunciar Teatrofilia 2018 da Asociación Cultural Papaventos.
- A Asociación Amigos da Camelia presenta a XVIII Edición do seu Concurso de Debuxos no que poderás participar ata o 17 de febreiro.

FESTIVIDADES LOCAIS EN VEDRA

- O calendario de festividades locais do Concello de Vedra é o seguinte:

- Luns 17 de setembro (Festividade do Patio).
- Luns 10 de decembro (Festividade de Santa Baia de Vedra).



Bárbara, Jenny, Andrea, Melania e Thais participaron contanto a súa experiencia en intercambios europeos nos obradoiros de Erasmus + que se desenvolveron no C.P.I. de Vedra no marco do proxecto Youth Development 4all.



Charla informativa do programa "Toponímizate" da Rede de Dinamización Lingüística.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Mesa redonda informativa sobre a mina de Touro, organizada pola Asociación AMABUL.



Rematou o Ciclo de outono "Cine e Muller" da Asociación Senunpeso.

Ani foi no Nadal



Coral da Terceira Idade de Vedra.



Festival de Corais de Nadal en Vedra.



Festival Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



V Trofeo de Judo Concello de Vedra.

De Interese

REMATA A CAMPAÑA “MICROCHIP PARA ANIMAIS DE COMPAÑÍA” O 20 DE XANEIRO DE 11 A 14 NA CASA DO CONCELLO

■ O día 20 de xaneiro darase por finalizada esta campaña para a colocación de microchip dos animais para adecuarse á normativa antes da súa entrada en vigor.

O prezo dos servizos veterinarios será de 26 € e

para os cans potencialmente perigosos 46 € (neste prezo están incluídos os 20 € do certificado sanitario obrigatorio).

Así que se queres participar dela chama canto antes ao 981 814 691.



Actividades de Nadal da Asociación San Campio

FESTIVAL DE NADAL

DOMINGO 7 DE XANEIRO ÁS 16:30 H

■ Como xa é tradición ao longo da historia da Asociación, chega o Festival de Nadal que pecha cada ano con sorrisos, emocións, bailes, cantares e moito máis.

Achégate á Casa da Cultura de San Miguel e participa!!

OPERACIÓN KILO!!!

■ Durante todo o Nadal a Asociación Cultural San Campio recolle os teus alimentos non perecedeiros que doará aos Servizos Sociais do Concello de Vedra.



Actividades de Nadal da Asociación Cultural Raiolo

CABALGATA DOS REIS MAGOS O 5 DE XANEIRO EN SAN XIÁN

■ A Asociación Raiolo presenta esta visita das súas maxestades de Oriente que traerán ilusión e moitas sorpresas aos cativos e cativas.

A comitiva chegará á noiteña... e seguro farán a ledicia dos nenos e nenas!



Actividades de Nadal da Asociación Senunpeso

PROXECCIÓN INFANTIL DE NADAL

■ **Data:** Mércores 3 de xaneiro ás 17:00 h.
Lugar: Biblioteca Pública Municipal de Vedra.
Obra: NOCTURNA, UNHA AVENTURA MÁXICA de Víctor Maldonado e Adrià García (2007). Animación, 80 min.

Un súbito apagamento de estrelas ameaza con deixar a noite sumida na máis profunda escuridade. Tim, un neno medorento que vive nun orfanato, encherase de valor para resolver este desastre enfrontándose á súa propia sombra, froito dos seus medos. Para conseguilo, mergúllase nunha emocionante aventura a través de Nocturna, un mundo paralelo que xorde cada noite cando durmimos. Alí descubrirá a todos os seres e

criaturas que fan que a noite sexa máis ou menos aprazible, e con quen emprenderá unha fabulosa viaxe para tentar rescatar á súa estrela querida: Adhara.

Esta película da factoría galega Bren Entertainment está considerada unha das melloras longametraxes de animación feitas en España. En 2008 obtivo o Goya ao mellor filme de animación.



Proxección de balde!

Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla

CONCERTO DE REIS

■ **Data:** O domingo 7 de xaneiro
Hora: Ás 18:00 h.
Lugar: Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.

Despois do concerto e con motivo do 90 aniversario da institución presentarase unha proxección homenaxe á historia da entidade.

TARDE DE MANUALIDADES DE NADAL E ENTREGA DE PREMIOS DO III CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL. O XOVES 4 DE XANEIRO

■ Lugar: Centro Social de Vedra.

O Concello de Vedra propón unha tarde diferente, creativa e moi divertida para a cativada!!

Ás 18:00 h. dará comezo un obradoiro de creación artística de Nadal, moi entretido!!

Ao remate, entrega de premios ás gañadoras do III Concurso de Tarxetas de Nadal Concello de Vedra.

Haberá un agasallo para cada un dos participantes do Concurso que asistan a esta entrega de premios.

Todas as tarxetas participantes estarán expostas no Centro durante o Nadal!!

BUZÓN REAL NO CONCELLO DE VEDRA

■ Durante o nadal o Concello de Vedra facilitará un buzón real nas inmediacións da Casa Consistorial no que todos os nenos e nenas poden deixar todas as súas cartas ás Maxestades de Oriente,... e que ningunha delas se perda!!!

III CARREIRA NOCTURNA SOLIDARIA CONCELLO DE VEDRA O SÁBADO 13 DE XANEIRO



III CARREIRA NOCTURNA SOLIDARIA
XIII CARREIRA POPULAR DE VEDRA

13 DE XANEIRO
Pavillón Municipal de Vedra

CARREIRA ABSOLUTA E XUVENIL: 6.500 m. ás 18:30 h.
CARREIRA CADETE- INFANTIL: 1.800 m. ás 19:45 horas.
CARREIRA ALEVIN- BENXAMIN: 1.000 m. ás 20:00 horas.
CARREIRA PREBENXAMIN: 200 m. ás 20:15 horas.
ANDAINA SOLIDARIA: 5000 m. ás 18:40 horas.
Os menores de 12 anos deben ir acompañados dun adulto responsable.

Inscripcións: ata as 23:59 h. do martes 9 de xaneiro de 2018 na páxina vedrasolidario.galitiming.com

Para a recollida de dorsal nas carreiras absoluta e xuvenil será preciso facer un donativo de 2.00€ que será destinado a fins sociais no concello de Vedra.

Habilitarase un dorsal nº 0 para os que queiran participar na doazón sen tomar parte da proba.

Para a recollida do dorsal nas categorías inferiores e na andaina é necesario traer polo menos 1 kg. de alimentos non perecedeiros (Recoméndase aceite, conservas, produtos de hixiene e de limpeza). Todos os alimentos recollidos serán entregados ao Banco de alimentos do concello.

Haberá un agasallo conmemorativo para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría. Os trofeos non son acumulativos.

Ao finalizar haberá chocolate con churros para todos os participantes.

Información no teléfono 981 814 691.

Concello de Vedra JUBI SPORTS Runaway Jim GALITIMING +Suárez

Deporte

CAMPAÑA DE ESQUÍ 2018 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

■ A Deputación da Coruña pon en marcha a Campaña de esquí á cativada nacida entre os anos 2003 e 2007 (ambos inclusive).

Vedra conta con 4 prazas!!!

• **Datas da viaxe:** Do 9 de marzo ao 12 de marzo de 2018. Este ano a campaña realizarase na Estación Invernal Cabeza de Manzaneda.

• **Prezo por praza:** 85 € (inclúe transporte, estancia, manutención, monitorado, actividades de esquí, seguros,...).

Preinscríbete xa no teléfono 981 814 691!!!

Se houbese máis solicitudes que prazas concedidas, realizaremos sorteo público para determinar os/as participantes desta campaña.





XXIII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

■ A Asociación Amigos da Camelia do Val do Ulla en colaboración co Concello de Vedra organizan as XXIII Xornadas arredor da Camelia, que este ano lucirán co seu máximo esplendor o día 25 de febreiro no entorno do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla.

Estas xornadas enchen de contidos culturais e turísticos os meses de febreiro e marzo con actividades como as mostras, a ruta Btt da Camelia, roteiros... un gran escaparate de contidos sobre a camelia do que podemos adiantar:

18º CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA

1º Poderán concorrer todos os nenos e todas as nenas da nosa autonomía de entre 3 e 12 anos. Haberá 3 categorías:

- A: de 3 a 6 anos.
- B: de 7 a 9 anos.
- C: de 10 a 12 anos.

2º Cada concursante poderá presentar unha única obra, con soporte en cartolina ríxida ou material similar e en tamaño A4.

3º O tema será "A Camelia".

4º A técnica a empregar será libre, recomendándose as ceras, témperas, acuarelas, rotulacións, lapis de cores, etc.

5º Na parte de atrás do traballo figurarán: nome completo do autor ou autora, enderezo, número de teléfono, idade e centro escolar.

6º Os traballos terán que entregarse na Casa do Concello antes do 16 de febreiro de 2017, no seguinte enderezo:

Concello de Vedra
Avda. Mestre Manuel Gómez, 1
15885 Vedra (A Coruña)

7º O xurado estará formado por membros da Asociación Amigos da Camelia e persoas destacadas do mundo das artes. O fallo do xurado darase a coñecer na semana previa ás Xornadas arredor da camelia e publicárase na páxina web do concello www.concellodevedra.com.

8º Haberá un 1º, 2º e 3º premio para cada categoría.

9º Todos os traballos presentados a concurso serán expostos en Santa Cruz de Ribadulla o día 25 de febreiro con motivo das Xornadas arredor da camelia.

10º A entrega de premios aos gañadores e gañadoras terá lugar en Santa Cruz de Ribadulla o día 25 de febreiro.

11º Todas as persoas participantes pola súa mera presentación aceptan integramente as bases deste concurso.

12º A organización reservase o dereito de modificar, eliminar ou agregar calquera punto a estas bases.

As bases do concurso están colgadas na páxina web do concello www.concellodevedra.com e na páxina do facebook www.facebook.com/concellodevedra

4 de febreiro

Pavillón Municipal de Deportes.

VIII RUTA CICLOTURÍSTICA EN BTT DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA

Deportistas e afeccionados ao deporte de toda a comunidade terán a oportunidade de participar nesta ruta btt que se celebra en torno a programación da camelia e percorre as paraxes vedresas ao tempo que practican o seu deporte favorito.

Continúa na páxina 7

Día 25 de febreiro
XXIII XORNADA ARREDOR DA CAMELIA

Outro ano máis imos celebrar a nosa gran festa a carón do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, escenario único e inigualable no mundo da camelia e da botánica en xeral.

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS EN VEDRA

■ O departamento de Cultura de Vedra convoca no mes de xaneiro, coa súa publicación no BOP das bases de subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal de Vedra.

Asique todos os colectivos culturais moita atención a esta convocatoria para presentar os vosos proxectos.



XXIII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

CALENDARIO DE ENTROIDOS EN VEDRA!!!

2018
do 28 de xaneiro
ao 3 de marzo

Entroido rural tradicional
Carnaval rural tradicional
Traditional rural carnival

Xenerais da Ulla
Festa Declarada de Interese Turístico de Galicia

Vedra

17 de febreiro	SAN XIÁN DE SALES
18 de febreiro	TROBE
3 de marzo	VILANOVA

www.xeneraisdella.com

Promove:



Colabora:



REUNIÓN INFORMATIVA COA VECIÑANZA EN RELACIÓN AO MONTE SEN CONCENTRAR O 31 DE XANEIRO NO CENTRO SOCIAL DE VEDRA

■ O Concello de Vedra propón esta xuntanza de carácter informativo para falar sobre posibles solucións ao monte sin concentrar.

- Data: 31 de xaneiro.
- Lugar: Casa da Terceira Idade.
- Hora: Ás 20:15 h.



**Concello
de Vedra**

VEDRA MEDRA

Entre xaneiro e febreiro, inverno verdadeiro

■ Remata o ano 2017, e con el a manchea de actividades que **Vedra medra** levou a termo e que quedaron recollidas e reflectidas na exposición que acolleu o Museo do Pobo Galego dende comezos de novembro ata este mes de decembro.

Mirando cara a atrás podemos dicir con rotundidade que foi un ano de moi boa colleita.

Vedra medra está agora enredado polo feitizo do Camiño, ao que xa nos botamos neste trimestre... primeiro por terras da Ulloa en Palas de Rei (Lugo) e despois por Boqueixón.

O ano que entra traerá consigo novas actuacións entre as que destacamos a intervención do toponimista Fernando Cabeza Quiles que se achegará ao CPI a mediados de xaneiro para falarnos sobre "A toponimia e a haxionimia galega dos camiños de peregrinos a Santiago".

As investigacións na aula estarán centradas a esta altura na odotoponimia vedresa, isto é, nos nomes de lugar que teñen que ver coas vías de comunicación. De camiños, camiñantes e terras nomeadas **Vedra medra** irá tirando proveito logo para seguir aproximando o alumnado ao patrimonio local.



Vedra medra aproveita este espazo para desexar a todos os que nos apoian e a todos os lectores e lectoras do boletín un venturoso 2018.



De Interese

NOVO SISTEMA DE COMUNICACIÓN DE AVARÍAS NA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Coñecedores de que o actual sistema para comunicar incidencias na iluminación pública é limitado, posto que só se podían atender avisos no horario de atención ao público das oficinas municipais, e de que o traslado desta información á empresa de mantemento tiña pasos que se podían reducir para deste xeito axilizar o proceso de reparación dos farois, decidiuse cambiar o sistema de avisos de avarías para que sexa xestionado directamente pola empresa prestadora do servizo e deste xeito conseguir que o servizo funcione de xeito máis áxil e eficaz.

Lembra: As avarías poderán comunicarse no seguinte horario e polos seguintes medios:

Horario: de luns a venres de 9 a 14 h. e de 16 a 19 h.

- Por teléfono no 981 500 506
- Por correo electrónico no enderezo: info@electricidadcruceiro.com
- Por fax no 981 508 136

É moi importante que nos avisos realizados por medios escritos se deixe constancia dun teléfono de contacto para que no caso de non localización da avaría os técnicos poidan chamarlles.

IMSERO PROGRAMA DE TERMALISMO PARA O 2018

■ Un ano mais preséntase este programa para a terceira idade. **Requisitos para participar:**

- Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema da Seguridade Social.
- Ser pensionista de viudedade do Sistema da Seguridade Social con 55 anos ou máis.
- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, do Sistema da Seguridade Social, con 60 anos ou máis.
- Ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social, con 65 anos ou máis.

Tamén é necesario:

- Non padecer alteracións de comportamento que impidan a convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidades transmisibles con risco de contaxio.
- Poder valerse por sí mesmo para as actividades básicas da vida diaria.
- Precisar os tratamentos termais solicitados.

Servizos que ofrece:

- Aloxamento e manutención, en réxime de pensión completa.
- Tratamentos termais básicos: recoñecemento médico, tratamento termal e seguimento do mesmo.
- Actividades de ocio e tempo libre ofertadas gratuitamente.
- Póliza colectiva de seguro.

Balnearios galegos concertados:

Baños Vello	Lobios
Río Pambre-2	Dávila
Molgas-1	Illa da Toxa
Laías	Termas Romanas
Acuña-2	Arnoia
Termas de Cuntis	Carballiño
Santiago de Compostela	Acuña-1
Augas Santas	Caldelas de Tui
Molgas-2	Baños de Brea



Para asistir ás quendas de FEBREIRO a AGOSTO, ambos incluídos: Deben solicitalo antes do 2 de xaneiro de 2018.

Para asistir ás quendas de SETEMBRO a DECEMBRO, ambos incluídos: deben solicitalo antes do 9 de maio de 2018.

Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS do Concello os LUNS, XOVES E VENRES DE 8:30 a 14:00 horas.





ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Circuito termal nas Termas de Outariz:

Luns 22 de xaneiro.

Prezo: 25 € (inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso (o prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 8 de xaneiro no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por orde de inscrición).

■ Bingo:

Xoves 25 xaneiro ás 20:00 h.



■ Servizo de estimulación terapéutica para persoas con demencia:

Inicio: martes 16 de xaneiro (desenvolverase dende xaneiro ata xuño).

Días: martes e xoves de 10:00 a 13:00 horas.

Lugar: Centro Social da Terceira Idade.

Prezo: 50 € mes.

Aquelas persoas que estean interesadas en inscribirse pódennos facer no Departamento de Servizos Sociais ou no teléfono: 981 814 693.

LUDETECA

■ A ludoteca municipal comeza o ano continuando co seu Ludonadal e en horario de mañá ata o 8 de xaneiro!!

Unha vez rematado este período volverán ao seu horario habitual:

- Os luns, mércores e venres de 15:00 a 20:00 h.
- Os martes e xoves de 17:00 a 20:00 h.

Para máis información contactar coa educadora familiar no teléfono 699 041 486

Iniciativas das Asociacións



IV MARATÓN DE MONTAÑA "A CAMELIA" DO CLUB DE MONTAÑA VÉRTICE

■ O Club de Montaña Vértice, fundado neste Concello fai xa un ano, organiza a IV Maratón de Montaña "A Camelia".

Nesta Edición haberá tres posibilidades para participar:

- Maratón: 46 kms
- Trail: 13 kms
- Andaina: 13kms

Destacar que este ano a Maratón será a primeira proba do Circuito Galego de Carreiras por Montaña. Anímate a coñecer os nosos montes.

Máis info no Facebook da proba: www.facebook.com/maraton-montan.camelia



NOVA ETAPA DE SENDEIRISMO O 20 DE XANEIRO

■ O grupo de sendeiristas do Concello de Vedra propón a súa saída mensual para camiñar.

Esta vez a cita é para o 20 de xaneiro e percorreren o tramo de Pontevedra a Caldas de Reis

Inscripcións no 981 814 691 ata o 18 de xaneiro.



ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ Pecha o prazo para participar do seu XVIII Concurso de Carteis para anunciar Teatrosfilia 2018. Aproveita estes últimos días!!

A Asociación Cultural Papaventos convoca o concurso de carteis para anunciar a **XV Mostra de Teatro Amador de Vedra, Teatrosfilia**, que se celebrará no mes de marzo de 2018. As bases do concurso son:

1. PARTICIPANTES

- Poderán presentarse ao concurso todas aquelas persoas que o desexen, agás os membros da Asociación Cultural Papaventos e familiares directos.
- Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras.

2. TEMA e CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

- Os carteis teñen que versar preferentemente sobre algo relacionado co teatro. Non obstante, os participantes gozan de completa liberdade para escoller o tema.
- Os/as creadores/as dos carteis que se presenten ao concurso serán responsables da orixe da obra e, se esta estivera inspirada nun traballo alieo, deberán dispoñer da autorización do seu autor/a.
- O tamaño dos carteis debe ser formato A3 (297x420mm).
- Poderán realizarse con calquera técnica (pictórica, fotográfica, informática, etc.).
- No cartel figurará rotulado: **Teatrosfilia XV Mostra de Teatro Amador de Vedra**
- É obrigatorio empregar a tipografía "Alba" para a palabra **Teatrosfilia**.
- Esta pódese descargar no seguinte enderezo web: <http://www.fontrreacitor.com/>
- Deberase ter en conta que nalgún lugar do cartel irá a programación da mostra así coma os logotipos das entidades que fan posible **Teatrosfilia**.
- O xurado deste concurso valorará a orixinalidade dos carteis, así como a súa eficacia comunicativa e o impacto e a calidade do deseño.

3. PRESENTACIÓN

- A data límite para a presentación de carteis é o 10 de xaneiro de 2018.
- En ningún caso o cartel deberá ir identificado co nome do autor/a nin con pseudónimo.

- Os participantes deberán presentar unha copia do seu traballo en tamaño folio. Dita copia e a identificación (nome e apelidos, número de teléfono e correo electrónico, data de nacemento no caso de ser participante do accésit infantil) do autor/a ten que presentarse nun sobre pechado. Sería desexable, aínda que non imprescindible, unha copia do traballo en soporte informático.

- Os sobres pechados xunto cos carteis poderanse presentar ata o 10 de xaneiro (inclusive) na Casa do Concello de Vedra ou a través de correo postal:

Asociación Cultural Papaventos
Rúa da Boca, nº 9 CP 15885, Vedra (A Coruña)

- Tanto nos sobres enviados por correo postal como nos presentados na Casa do Concello de Vedra deberá figurar na parte exterior o asunto:

XIII Concurso de Carteis Teatrosfilia 2018

4. PREMIOS

- O autor/a do cartel gañador será premiado con 250 euros.
- Cada participante deste concurso será obsequiado cun bono para a vindeira edición de **Teatrosfilia** que poderán recoller na súa billeteira.
- Do mesmo xeito, concederase un premio accésit ao mellor cartel infantil (3-12 anos).

5. XURADO

- O xurado estará formado polos membros da Asociación Cultural Papaventos.
- A Asociación Cultural Papaventos resérvase o dereito de declarar deserto o premio no caso de que ningún cartel acadase os requisitos demandados.
- O veredicto do xurado darase a coñecer nos 15 días seguintes á finalización do prazo de entrega a través da páxina web do Concello de Vedra, no boletín informativo do Concello, redes sociais (Facebook) e no blog de Papaventos (www.asociacionpapaventos.blogspot.com).
- O veredicto do xurado será inapelable.

6. TRABALLOS PREMIADOS

- O cartel que resulte elixido para anunciar a **XV edición de Teatrosfilia** cederá todos os dereitos sobre o seu uso, adaptación e explotación á Asociación Cultural Papaventos, que o empregará en formato dixital e impreso para difundir dita edición de **Teatrosfilia**.
- Tanto o premio do cartel gañador como o accésit infantil serán entregados aos seus autores/as o día da inauguración de **Teatrosfilia**.

7. TRABALLOS NON PREMIADOS

- Todos os traballos serán expostos durante a mostra. Aqueles autores/as que desexen recoller a obra dispoñen dun prazo de 15 días despois do remate da **XV edición de Teatrosfilia**.

8. PUBLICIDADE

- Os sucesivos anuncios e novas sobre este concurso de carteis serán publicados en www.asociacionpapaventos.blogspot.com e na páxina web do Concello de Vedra.

9. NORMA FINAL

- Os concursantes, pola súa mera presentación, aceptan integramente as bases deste concurso.

Datos de contacto:

Asociación Cultural Papaventos - Andaravia Teatro
Rúa da Boca, nº 9 CP 15885, Vedra A Coruña
ac_papaventos@yahoo.es
www.asociacionpapaventos.blogspot.com
Tfno: 686 181 861 / 680 349 537



Vedra Festeira

FESTAS PATRONAIS EN SAN XIÁN

SAN XULIÁN

DE SALES

VEDRA

XANEIRO 2018

5

VENRES

FESTA NA HONRA A SAN SEBASTIÁN

• Misa Cantada polo CORO LEDICIA de San Xíán ás 13:00 h.

• Sesión Vermouth amenizada por MÁSTER

• A noite Gran Verbena con MÁSTER e

LA FÓRMULA

6

SÁBADO

FESTA NA HONRA A VIRXE DAS DORES

• Misa Cantada polo CORO LEDICIA de San Xíán ás 13:00 h.

ACTUACIÓN DE PANDEREITEIRAS SILANDEIRÁ DE SAN XIÁN

• Sesión Vermouth por JERUSALÉN

D'ASES e

JERUSALÉN

7

DOMINGO

FESTA NA HONRA A SAN XULIÁN

• Misa Cantada polo CORO LEDICIA de San Xíán ás 13:00 h.

• Procesión ca BANDA DE SANTIAGO CORNETAS e TAMBORES

• Sesión Vermouth a cargo da

Asociación Cultural - Deportiva

"RAIOLO" e DIAMANTE



A 4 BAIXO CERO

■ Por ser os galardoados no **IV Premio Camiño do Emprendemento** organizado pola Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e ABANCA no que se premia a creación de empresas para a reactivación da economía e o emprego.

Un exemplo de como un proxecto emprendedor e creativo obtén resultados positivos, NORABOA e a seguir así!!



TODAS AS CASAS DE VEDRA CON CALENDARIO

■ No mes de decembro o Concello de Vedra repartiu un calendario en cada domicilio.

Se por calquera circunstancia vostede non o recibiu, primeiramente desculpe as molestias e que saiba que pode pasar a recollelo pola casa do Concello en horario de atención ao público ou se prefere chame e levámosllo á casa.



Á GRANXA EXPOCUTRÍN DE SAN FINS

■ Polo seu galardón de ouro acadado na XXIV Edición dos prestixios premios Porc D'or, que premian a excelencia da produción porcina.

Un novo exemplo vedrés dunha iniciativa familiar e empresarial que con esforzo e adicación conseguen ser unha referencia no seu sector.

Os premios son organizados pola Generalitat de Catalunya a través do Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentarias (IRTA) e foron entregados no pasado mes de novembro na cidade de Segovia.



AO PAZO DE GALEGOS

■ Polos seus últimos premios recién acadados... que unha vez mais avalan a súa calidade e bo facer!

Por un lado **Prata** ao Albariño Pazo de Galegos e Ouro ao Albariño Vendimia Seleccionada Pazo Galegos, outorgados pola Guía de Viños e destilados de Galicia.

Por outro lado **Medalla Gran Ouro** Augardente de Oruxo Pazo de Galegos, medalla de Ouro Licor de Herbas Pazo de Galegos e Medalla Gran Ouro Augardente envellecida Cebeiro.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.